


Apuntamentos en defensa dun público moi especial

Chefa Alonso



Bailar el agua (Bailar a auga) é un espectáculo-taller pensado para persoas con diversidade funcional psico-física, que utiliza a improvisación como recurso comunicativo. Este proxecto foi desenvolvido no Centro CAMP de Getafe, durante dez anos, desde o 2001 ata a actualidade.

O equipo de *Bailar el agua* esta formado por: Raquel Sanchez (movemento), Pícola Ruiz (percusión), Marcos Monge (clarinete baixo) e Chefa Alonso (saxo soprano e percusión).

En canto baixan do autobús (1), desorientados, abrázanse a ti para tomar terra. Reis da rutina, non están afeitos ás viaxes, por moi curtas que sexan, e esta visita á cidade prodúcelles excitación e desasosiego. Necesitan coidado. Son alegres, tristes, cariñosos, impulsivos. Rin, aplauden, dánse labazadas, interrúmpente. Achéganse moito a ti e cheírante. Chéiralos. Cordiais e esquivos, tenros, tímidos, explosivos.

Solitario
Garda a lingua amotinada
E saúda o ar cun golpe

Na residencia xa nos coñecen; achéganse a saudarnos, damos as mans, golpéannos amigabeis no ombreiro. Recíbennos.

Comezamos cunha luz tenue, tocando os nosos instrumentos e movéndonos entre eles. O seus sons: carraspeiras, palabras soltas, berros, monosílabos, arrasto de cadeiras, mistúranse coa música que improvisamos. Algúns érguense e deambulan libres polo espazo, outros cambian rapidamente de sitio, coma se xogasen ás catro esquinas e ao chegar ao seu novo asento exclamasen alegremente: casa!

Raquel, a bailarina, ségueos, imítaos, dilles algo, abandónaos e baila, camiña sobre as mans e baila.

Cego
Esparexe migallas contra a luz
E non sorrí



A primeira vez que me acheguei a el, tocando suavemente o soprano, velliño sen cabelo, do tamaño dun bebé, deitado na cama, virou con dificultade a cabeza para me mirar e, moi devagar, a súa boca desdentada foise abrindo coma un pozo para debuxar un amplo sorriso que puxo na súa cara unha luz inesperada e cuxa lembranza ilumina os meus momentos sombríos.

O noso espectáculo non é común. Usamos o espazo e a disposición do noso público de diversas formas: en semicírculo, en fileiras, a un lado, espallados pola sala, dependendo da estrutura musical e do movemento

que quixermos desenvolver. O máis importante é a proximidade do público e a súa liberdade para moverse (os que poden facelo) desde calquera punto do espazo, cara calquera dirección e en todo momento. Nunca consideramos dous planos diferenciados, reproducindo o teatro á italiana, os que miran, os que fan; entre todos ocupamos ese espazo e modifícamolo en escena.

Mister Light é triste, lévase mellor cos homes e parece extremadamente concentrado nalgo que non percebemos. É inquieto, balanza na cadeira ao ritmo da nosa música, mais non hai nada que lle interese tanto como a luz. Relaciónase con ela como se fose o seu amigo, cunha seriedade e unha atención asombrosas.

*Cativado polos feixes de luz
Deslocase pouco a pouco coa súa cadeira
Ata encontrar o ángulo exacto*

Coa luz creamos distintos lugares e climas e non sempre a empregamos para focar o que ten maior protagonismo; ás veces queremos resaltar pequenos detalles ou recunchos, para pór énfase nos silencios, para facer transicións, dar intimidade, destacar pequenos obxectos do cotío: un parruliño de xoguete que vai parando aos poucos ao ficar sen corda, ata cair.

Jose mira para nós desde fóra da sala e non asiste ás sesións, pero permanece no vestíbulo sen afastarse. Leva sempre unha postal da súa nai entre as mans e míraa de cando en vez para renovar a esperanza dunha visita que nunca chega.

Hai doce anos visitamos por primeira vez a residencia e ficamos mudas de asombro ao percorrer o que os monitores chamaban "a sala de estimulación": un par de pelotas de cores e un radiocasete. Alí, unha moza cun casco de motorista, cuxa mirada perdida me turbou extraordinariamente, tívome abrazada durante os tres minutos máis longos da miña vida. Ela segue vindo ás sesións, sempre co seu casco de protección, nos seus peores momentos prendida na cadeira de rodas. Continúa mirando desde un lugar insondável.

*Conturbado
Ao sentir a túa cercanía
Colga do teito a mirada*

Neste espectáculo pasamos por momentos e climas moi contrastados: íntimos, cálidos, enérxicos, rítmicos, caóticos, densos, raros..., unha das características esenciais do noso traballo, *Bailar el agua*, é a nosa vontade e capacidade para incluír dentro desta "partitura móbil" as expresións e intervencións - vocais, rítmicas, de movemento - do público asistente.

Teresa entra dando voces e cantarolando *Nostalgia in Times Square*, de Charles Mingus;

ten bo ouvido e escoitounola en varias ocasións. É participativa e brusca. Costuma dicir rapidamente o que agarda que diga o outro: empúrrate e grita: Uí, que susto!; achégaselle unha monitora e antes de lle dicir nada, ela interrompe: Teresa, a merendar! Manda silencio e intervén profusamente en todas as sesións. Adoita ter bo humor e gusta das apertas e os bicos.

A “participación” da audiencia é un elemento esencial na composición final do espectáculo que permite, grazas á audición que desenvolvimos na nosa experiencia como improvisadoras, e tamén no trato con eles, a interacción necesaria con este público tan especial, que pode estar desconectado, inquieto, desmotivado ou indiferente cara o que lle rodea. O “bala” vén vestido cunha funda de traballo e enfeitado con cintas coma se fose un paquete a punto de enviarse por correo. Gusta de espirse e ataviado desta maneira teno máis complicado. Nunca senta. Nunca para quieto. Camiña pola sala coma quen percorre a estación na procura de alguén que vai chegar ou dun tren para marchar.

*Mister Light está obsesionado coa orde
Atravesada con urxencia a sala
Para mover un chisco esa cadeira*

Captar a atención e o interese dos participantes, sen condicionar o seu comportamento espontáneo, é un dos obxectivos deste encontro artístico e terapéutico.

O uso da improvisación como recurso comunicativo permítenos establecer un diálogo co público, integrar as súas respostas e compor con elas en tempo real.

Pablito, sorriso beatífico, inmóbil na súa cadeira de rodas, era un alegre rapaz ata que a anoxia cerebral producida polo shock tras ser vítima dun atraco, deixouno rendido, a se babexar para o resto dos seus días. Move a cabeza como unha tartaruga e encántalle a música. Hai que tocar suave ao seu redor porque se asusta con facilidade. Recibe moitos aloumiños de todos e sorri agradecido.

Bailar el agua é un espectáculo realizado por un equipo de músicas e bailarinas concibido para personas con diversidade funcional psíquica e física. Un espectáculo que, ademais da música e a danza executadas ao xeito tradicional, propón un formato especial que produce unha estimulación sensorial e emocional moito máis ampla.

Nunha das sesións reproducimos unha cociña. Improvisamos unha peza musical cuxo motor rítmico era o son ronronante dunha vella batidora, e os solos consistían en bater ovos en diferentes recipientes e a distintas velocidades, o que provocaba unha embrullada diversa de ritmos e sons. Raquel facía malabares con froitas e parte da audiencia osmaba a enorme mesa que colocamos no centro, chea de alimentos e obxectos de cociña. Toda a sala cheiraba a laranxas.

Este proxecto, mistura de taller e espectáculo non está baseado nun discurso ou unha narrativa racional nin linear (no sentido convencional de presentación, nó e desenlace) senón que emprega códigos universais que non aparecen estereotipados como a enerxía, o corpo, a voz en estado puro, a palabra, o espazo e o son como medios integradores que difuminan e borran os límites entre o observador e o observado.

O rapaz entra saltando e dando berros de xúbilo; dános a man e alborozado di: papá. Hoxe, como todos as fins de semana, vén buscalo para levalo a casa. A felicidade de volver cós seus e de romper a rutina do internamento inunda toda a súa expresión e contáxianos.

Creemos e confiamos na capacidade de integración social e de mellora terapéutica que ten a creación artística baseada na improvisación. A forza que ten para mover e liberar enerxía, establecendo pontes de comunicación entre o que pode ser fronteirizo: o considerado como enfermo ou como san, o coñecido e o imprevisto, o isolamento e a implicación, mirar e ser mirado, o que se esquece e o que se recorda, a indiferenza e a curiosidade, o que se estraña e o que se recoñece.

Cando marchamos, apláudennos, abrázannos, pregúntannos cando imos volver. Eles ficcan, nese lugar isolado, onde non poden ser vistos polo resto dos cidadáns, facéndonos

pensar que non existen, que, por estar tan retirados e ser tan especiais, non forman parte da nosa sociedade. Pero cando estás e traballas con eles decátaste de que forman parte de nós e que todos, nalgún momento, somos ou podemos ser disfuncionais, limitados, necesitados de apoio, especiais.

*Escura angustia agochada
Entre espirais de cinza
Un mundo sen amigos*

[1] Viaxe desde Getafe a Madrid con motivo dunha actuación que tivemos na Casa Encendida.

